

REPASO ESPA

REFORZO E AMPLIACIÓN

Lingua Galega

Fichas de reforzo

Ficha 1	O grupo nominal	3
Ficha 2	O uso das maiúsculas	4
Ficha 3	Palabras primitivas e palabras derivadas	5
Ficha 4	Adaptar textos ao destinatario	6
Ficha 5	Os demostrativos	7
Ficha 6	Repaso da acentuación	8
Ficha 7	Os prefixos	9
Ficha 8	Describir un lugar desde diferentes posicións	10
Ficha 9	Os posesivos	11
Ficha 10	Acentuación de ditongos e hiatos	12
Ficha 11	Os sufixos	13
Ficha 12	Redactar un texto a partir dunhas notas	14
Ficha 13	Os numerais e os indefinidos	15
Ficha 14	Acentuación diacrítica I)	16
Ficha 15	As palabras onomatopéicas	17
Ficha 16	Escribir unha noticia	18
Ficha 17	O verbo I)	19
Ficha 18	Acentuación diacrítica II)	20
Ficha 19	Eufemismos e palabras tabú	21
Ficha 20	Cubrir impresos	22
Ficha 21	O verbo II)	23
Ficha 22	Casos especiais de acentuación	24
Ficha 23	As palabras homónimas	25
Ficha 24	Redactar normas de seguridade	26
Ficha 25	O verbo III)	27
Ficha 26	Uso do b	28
Ficha 27	As palabras parónimas	29
Ficha 28	Expressar a opinión sobre un tema	30
Ficha 29	Clases de verbos	31
Ficha 30	Uso do v	32
Ficha 31	O campo semántico	33
Ficha 32	Escribir instrucións	34
Ficha 33	O adverbio	35
Ficha 34	Uso do h	36
Ficha 35	Palabras individuais e palabras colectivas	37
Ficha 36	Explicar unha ruta	38
Ficha 37	Os enlaces	39
Ficha 38	Palabras con x	40
Ficha 39	O sentido literal e o sentido figurado	41
Ficha 40	Facer unha reclamación	42

Ficha 41	A oración. O suxeito	43
Ficha 42	Palabras con -cc- e -ct-	44
Ficha 43	Os neoloxismos	45
Ficha 44	Elaborar un anuncio publicitario	46
Ficha 45	O predicado	47
Ficha 46	Por que/porque/porqué; se non/senón	48
Ficha 47	Palabras doutras linguas	49
Ficha 48	Escribir unha crónica	50
Ficha 49	O predicado verbal	51
Ficha 50	Signos que pechan enunciados	52
Ficha 51	As abreviaturas	53
Ficha 52	Comentar un espectáculo	54
Ficha 53	Clases de oracións	55
Ficha 54	Os puntos suspensivos	56
Ficha 55	Uso culto e uso coloquial	57
Ficha 56	Elaborar un folleto turístico	58
Ficha 57	O texto	59
Ficha 58	Outros signos de puntuación	60
Ficha 59	Os vulgarismos	61
Ficha 60	Contar desde diferentes puntos de vista	62
Ficha 61	Repaso	63

Fichas de ampliación

Ficha 1		64
Ficha 2		66
Ficha 3		68
Ficha 4		70
Ficha 5		72
Ficha 6		74
Ficha 7		76
Ficha 8		78
Ficha 9		80
Ficha 10		82
Ficha 11		84
Ficha 12		86
Ficha 13		88
Ficha 14		90
Ficha 15		92

Solucións		94
-----------	--	----



© 2009 by Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela
PRINTED IN SPAIN
Impreso en España por

CP: 131345
Depósito legal:

Esta obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual corresponde a Obradoiro/Santillana. Os usuarios lexítimos da obra só están autorizados a facer fotocopias para usalas como material da aula. Queda prohibida calquera outra utilización fóra dos usos permitidos, especialmente aquela que teña finalidades comerciais.

Nome _____ Data _____

Lembra

O grupo nominal é un conxunto de palabras agrupadas arredor dun substantivo que funciona como núcleo. Ademais do núcleo, o grupo nominal pode estar formado por palabras que funcionan como determinantes ou como complementos.

1. Subliña os grupos nominais que atopes no texto seguinte e arrodea o núcleo de cada un.

Un novo ordenador

O meu amigo Roi mercou un ordenador portátil. Súa nai é profesora de instituto e todos os cursos ten que se trasladar a unha cidade nova. A familia de Roi aprendeu a vivir con só as cousas necesarias, porque así só han de cargar uns poucos mobles e uns poucos trastes cando teñen que trasladarse. O ordenador portátil de Roi é máis fácil de transportar ca o seu ordenador vello, con aquela pantalla enorme, o teclado amarelento e aquel rato tan voluminoso.



2. Analiza estes grupos nominais: indica o núcleo, os determinantes e os complementos.

- As miñas vacacións preferidas.
- Uns cantos xogos de mesa.
- Algunhas pistas equivocadas.
- Os mandos da Wii.

determinantes	núcleo	complementos

3. Copia as oracións substituíndo os substantivos destacados polo grupo nominal axeitado.

a capital galega

a gata persa

o río da cidade

a miña amiga da clase

estes irmáns xemelgos

- Mariña aprobou o exame de ciencias naturais.

- Aldara e Xosé Loureiro visitaron Santiago.

- Mica apareceu preto do Lagares.

O uso das maiúsculas

Nome _____ Data _____

Lembra

Escíbese en maiúscula a letra inicial dunha palabra cando vai ao principio dun texto, despois dos signos que pechan oracións, nos nomes propios de persoas, animais, lugares, etc. e nos títulos de libros, películas, obras teatrais, etc.

1. Copia o texto seguinte e escribe en maiúsculas as palabras que cumpra.

xosé brañas é biólogo. aínda que traballa na universidade de santiago, sempre que pode colabora cunha agrupación ambiental de ponteceso, a súa vila. el dedícase a observar a variada fauna que habita as dunas do esteiro que forma o río anllóns na súa desembocadura.



2. Tes que renovar o documento de identidade. Cubre os datos persoais da ficha con moita atención ás maiúsculas.

Nome _____

Apelidos _____

Naceu en _____

País _____

Fillo de _____ e de _____

Enderezo _____

3. Escribe unha oración con cada unha das palabras seguintes.

- Barcelona ► _____
- Ribadavia ► _____
- Hércules ► _____
- Pico Sacro ► _____
- Miño ► _____

Palabras primitivas e palabras derivadas

Lembra

Hai palabras que se formaron a partir doutras, como por exemplo *saboroso*, que se formou engadíndolle o sufixo *-oso* á palabra *sabor*. As palabras que proveñen doutras chámanse palabras derivadas e as que non proveñen de ningunha palabra anterior, palabras primitivas.

1. Clasifica estas palabras en primitivas ou derivadas.

pan	desfacer	xoia	estraño	tenista	timidez
cesteiro	recortar	camisa	supermercado	sopa	neve

PRIMITIVAS

DERIVADAS

- Escribe a palabra primitiva a partir da cal se formou cada unha das derivadas anteriores.

2. Escribe tres palabras derivadas a partir das primitivas seguintes.

- terra ►

- xeo ►

- mar ►

3. Busca na caixa a palabra primitiva de cada unha destes palabras derivadas.

engordar	gordo	gordecho
inxusto	xusto	axustar
claro	clarear	clarete
útil	utilidade	utilitario
portón	porteiro	porta

Adaptar textos ao destinatario

Nome _____ Data _____

1. Relaciona os fragmentos para formar tres textos.

Estimado señor:	Querida Iria:	Ola, Iria:
Sabes? Escribíronme os de Webdeportes para dicir que non teñen a bicicleta que compramos. Pódelo crer?	Escribímoslle en relación coa compra que fixo o día 25 de maio por medio do noso web.	Esríboche porque me dixeron os de Webdeportes que a bicicleta que compramos por Internet se esgotou.
Informámolo de que a bicicleta que solicitou está esgotada, de maneira que a súa compra queda anulada.	E din que entremos de novo na súa páxina, para que vexamos nela que teñen outras bicicletas.	Dinnos que podemos entrar de novo no web por se queremos outra bicicleta, dunha marca diferente.
Se ves que tal, quedamos unha tarde e decidimos que facemos; se che parece ben.	Se quere adquirir unha bicicleta semellante, visite o noso web, onde lle ofrecemos outras.	Queres que miremos o que hai? Ao mellor temos sorte e atopamos outra bicoca.
Xa me contarás.	Veña, quedamos.	Desculpe as molestias.
Atentamente, Pilar Poñente Webdeportes, SL	Un biquiño, Carlos	Adeus, Carlos

2. Escribe un texto seguindo esta indicación.

- Es Carlos e respóndeslle á empresa Webdeportes para agradecerlles o aviso e para dicirlles que volverás visitar a páxina para comprar outra bicicleta.

Nome _____

Data _____

Lembra

- Os demostrativos son as palabras que sinalan seres ou obxectos indicando a distancia que hai entre eles e a persoa que fala.
- Os demostrativos clasifícanse en tres grupos, segundo expresan proximidade, distancia media ou afastamento.

1. Clasifica as oracións segundo os seus demostrativos expresen distancia temporal ou espacial.

- Aquel verán pasárono en América do Sur.
- Que saia queres, esta ou aquela do escaparate?
- Creo que ese día teño que ir á consulta do dentista.
- Aquela muller puxo cara de sentirse perdida.
- Esta mañá non me podía levantar da cama!
- Aquel home dixo que te coñece.
- Estas son as cousas que non me gustan.
- Aquel ano foi terrible para a familia.



Distancia temporal

☐	☐
☐	☐

Distancia espacial

☐	☐
☐	☐



2. Arrodea os demostrativos desta conversa que expresan proximidade espacial, e copia o texto substituíndoos por outros que indiquen afastamento.

- Non penso ir a esta cidade nunca máis!
- Pero se esta vez é a primeira que vas ir!
- Non ves que aspecto teñen estas rúas? Dáme medo saír da casa esta noite.
- Mmm, pois eu creo que non che dan medo estas rúas, senón outra cousa.
- Tes razón, dáme medo esta cidade porque hai que ir deica alí en avión!

Nome _____ Data _____

Lembra

- As palabras agudas teñen tónica a última sílaba. Acentúanse cando acaban en vogal, en vogal + -s, en vogal + -n e en vogal + -ns. (Non se acentúan se esa vogal forma parte dun ditongo decrecente seguido ou non de -s ou -n.)
- As palabras graves teñen tónica a penúltima sílaba. Acentúanse cando acaban en consoante distinta de -n, -s, nun grupo distinto de -ns e en ditongo decrecente seguido ou non de -s ou -n.
- As palabras esdrúxulas teñen tónica a antepenúltima sílaba. Acentúanse sempre.

1. Acentúa, se cómpre, as palabras seguintes.

- | | | |
|------------|------------|------------|
| • padriño | • tonica | • loxico |
| • xabons | • colector | • caderno |
| • película | • reves | • portatil |

■ Agora clasifícaaas todas en agudas, graves e esdrúxulas.

agudas	graves	esdrúxulas

2. Acentúa as palabras que o precisen e explica por que teñen que levar acento ou non.



Berlin ►



Moscova ►



Paris ►



Londres ►



Valencia ►

Nome _____ Data _____

Lembra

Hai palabras como *precociñar*, que se forman engadindo un prefixo (pre-) diante doutra palabra (*cociñar*). Os prefixos adoitan achegar un significado diferente ao da palabra diante da que se colocan.

1. Identifica o prefixo en cada palabra. Escribeo separado da palabra á que se uniu coma no exemplo.

- | | |
|-------------------------------|--------------------------|
| • desfeito ► <i>des-feito</i> | • antepasado ► _____ |
| • repintar ► _____ | • extraordinario ► _____ |
| • invencible ► _____ | • translucir ► _____ |

2. Escribe tres palabras diferentes que comece con cada prefixo.

- | | | |
|------------------|-------|-------|
| • des- ► _____ | _____ | _____ |
| • extra- ► _____ | _____ | _____ |
| • pre- ► _____ | _____ | _____ |

■ Que significado achegan os prefixos anteriores? Completa.

- O prefixo _____ contén a idea de «fóra de».
- O prefixo _____ contén a idea de «anterioridade».
- O prefixo _____ contén a idea de «acción contraria».

3. Escribe a palabra que corresponde a cada definición. Fíxate no prefixo polo que comezan e numera.

1. Que vai máis alá do océano.

2. Que está diante do penúltimo.

3. Acción contraria a conxelar.

4. Volver tomar.

☐ re _____ ☐ ante _____ ☐ des _____ ☐ trans _____

4. Forma palabras novas engadindo os prefixos que corresponda.

des-

sub-

re-

pre-

- | | |
|--------------------|---------------------|
| • engano ► _____ | • fabricar ► _____ |
| • fixar ► _____ | • urbano ► _____ |
| • montar ► _____ | • vender ► _____ |
| • delegado ► _____ | • construír ► _____ |

Describir un lugar desde diferentes posicións

Nome _____ Data _____

1. Le estas dúas descrições dunha pequena vila e dunha cidade.

Grixoa a vista de paxaro

Vista desde o aire, Grixoa é coma unha mancha marrón no medio das montañas verdes. Está situada nun val, atravesado por un río de augas frías e cristalinas. A viliña está atravesada por canellas apertadas e sinuosas, que ensanchan un par de veces nas dúas pequenas prazas por onde entra o sol e o aire. E as casas son pequenas, con tellados encarnados.

Vilalba a pé de rúa

Vilalba é unha cidade moderna, de amplas avenidas con árbores e prazas abertas ao ceo. Desde as rúas, os edificios semellan agullas que se soben ao alto querendo atrapar as nubes. As grandes ventás dos edificios reflicten a luz e enchen aínda de máis vida as rúas, polas que a xente transita rapidamente, sen pausa, a carón dos barullentos coches.

■ Agora describe a vila e a cidade anteriores desde o punto de vista contrario.

Grixoa a pé de rúa


Vilalba a vista de paxaro

Nome _____ Data _____

Lembra

- Os posesivos son as palabras que acompañan o substantivo e expresan a quen pertence o ser ou o obxecto que o substantivo nomea.
- Os posesivos indican a persoa gramatical e se hai un posuidor ou varios.
- Os posesivos poden funcionar como determinantes, como complementos ou como núcleos do grupo nominal.


1. Cubre o encrucillado coas formas dos posesivos.



1. Varios posuidores, 2.^a persoa, masculino singular.
2. Un posuidor ou varios, 3.^a persoa, feminino, plural.
3. Un posuidor, 1.^a persoa, feminino, singular.
4. Un posuidor ou varios, 1.^a persoa, masculino ou feminino, singular.
5. Varios posuidores, 1.^a persoa, feminino, plural.
6. Un posuidor, 2.^a persoa, feminino, singular.

2. Describe o teu cuarto en cinco liñas. Despois, arrodea os posesivos que escribises.

3. Completa os globos con oracións que conteñan un posesivo.



Acentuación de ditongos e hiatos

Nome _____ Data _____

Lembra

- O ditongo é a unión dunha vogal aberta e unha vogal pechada que se pronuncian nunha soa sílaba. Os ditongos seguen as regras xerais de acentuación.
- Os hiatos son dúas vogais que están xuntas, pero que se pronuncian en sílabas distintas. Se a vogal tónica é a pechada e a vogal aberta é a átona, ponse acento na vogal pechada para marcar o hiato (*saída*).
- Cando van xuntas as vogais débiles i e u forman un ditongo e non se acentúan se a tónica é a primeira vogal (*partiu*); pola contra, forman un hiato se a tónica é a segunda vogal e acentúase (*ruído*).

1. Separa en sílabas estas palabras e indica se teñen ditongo (D) ou hiato (H).

- | | | | | | |
|----------|---------|--------------------------|-------------|---------|--------------------------|
| • anciá | ▶ _____ | ☐ | • maniático | ▶ _____ | ☐ |
| • raíña | ▶ _____ | ☐ | • esquío | ▶ _____ | ☐ |
| • papeis | ▶ _____ | ☐ | • estreito | ▶ _____ | ☐ |
| • saúdo | ▶ _____ | ☐ | • oído | ▶ _____ | ☐ |


2. Explica a acentuación das palabras anteriores que teñen ditongo.

3. Completa con *i* ou *u* estas palabras e pon acento gráfico cando debas marcar o hiato.

- | | | | | |
|----------|------------|-----------|----------|----------|
| • fe__ra | • s__ave | • o__tavo | • mo__ro | • po__ta |
| • sa__da | • polic__a | • l__a | • mu__ño | • mi__do |

4. Fíxate nas palabras destacadas e ponlles acento gráfico se o precisan.

A **asociación** cultural da vila **organizou** unha viaxe a Roma. A capital de Italia é unha cidade fascinante, chea de edificios do **período** do imperio romano. **Encantoume** o paseo polo **Coliseo**, pero se vos digo a verdade, co que máis **gociei** foi co **voo** en **avión**. Non **sabía** que me fose emocionar tanto iso de voar por enriba das nubes.



Nome _____ Data _____

Algunhas palabras, como *pianista*, fórmanse engadindo un sufixo (-ista) ao final doutra palabra (*piano*). Os sufixos poden cambiar unha palabra de clase e achegan un cambio de significado respecto ao da palabra á que se engaden.

1. Descompón as palabras seguintes escribindo a palabra primitiva e o sufixo, coma no exemplo.

_____	_____
_____	_____
_____	_____

2. Forma novas palabras engadíndolles ás palabras seguintes o sufixo correspondente.

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

3. Marca só as palabras que levan sufixo.

☐	☐	☐	☐	☐
☐	☐	☐	☐	☐

- Indica a palabra primitiva e o sufixo que se engadiu ás palabras que marcaches.

_____	_____
_____	_____

4. Escribe tres palabras diferentes cos sufixos indicados.

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

5. Subliña o sufixo de cada palabra e numera segundo o significado que achega o sufixo.

☐	☐
☐	☐
☐	☐

Redactar un texto a partir dunhas notas

Nome _____ Data _____

1. Copia na folia da dereita as ideas clave deste texto, que están destacadas.

A festa de Vicente

Na festa de aniversario de Vicente había **moita xente**: foron os seus pais, irmáns, curmáns e amigos, e fixéronlle moitos agasallos, como un xogo de ordenador, un xersei, dous libros, un disco e un lapis de memoria.

Pasárono moi ben e merendaron moito. Había empanada, bocadillos, doces e unha torta de chocolate que tiña unha pinta boísima. En fin, unha gran festa.

**A festa de Vicente**

• Asistentes:


• Agasallos:

• Merenda:

2. Redacta un texto a partir destas notas.

Excursión a Lugo

- Xoves pasado, 5 de novembro.
- Alumnos das dúas clases de 6.º
- Desprazamento en autobús.
- Mañá: percorrido pola muralla e visita á catedral.
- Xantar no parque Rosalía de Castro.
- Tarde: visita ao Museo Provincial.

**A excursión a Lugo**

Nome _____ Data _____

Lembra

- Os numerais son palabras que expresan cantidade ou orde de forma precisa. Poden ser cardinais ou ordinais.
- Os indefinidos son palabras que expresan cantidade ou existencia de forma imprecisa.

1. Clasifica as palabras destacadas segundo sexan numerais ou indefinidos.


Un cociñeiro afeccionado

Hai **algúns** meses pedínlle á avoa que me explicase como fai a bica. Díxome que cómpren **poucos** ingredientes: **catro** ovos, **catrocentos** gramos de fariña e outro tanto de azucre. Ademais, necesitamos **douscentos** mililitros de nata líquida e douscentos de manteiga. Despois de bater **todo** isto, botámolo nun recipiente longo, cun pouco de azucre por riba para que faga costra. Poñémolo ao forno **corenta** minutos a **cento oitenta** graos. Ao comezo a bica non me saía ben, pero despois de **varios** intentos xa me sae mellor. Mais **ningunha** vez me saíu coma a da avoa. Será porque ela mide as cantidades e eu fágoo a ollo...

numerais

indefinidos

2. Aquí tes a liña de saída dunha carreira de Fórmula 1. Cubre o texto cos numerais ordinais correspondentes.



Fernando Alonso será o _____ na liña de saída do Gran Premio do Brasil. Seguirao Massa, que sairá desde a _____ posición. Na _____ posición atopamos o McLaren de Hamilton, que aspira a obter o campionato nesta carreira. O _____ é Raikkonen e, nun sorprendente _____ lugar, atopamos a Adrián Sutil.

Nome _____ Data _____

Lembra

O acento diacrítico úsase para distinguir palabras que se escriben igual, pero que teñen significados diferentes.

Algunhas parellas de palabras que levan acento diacrítico pronúncianse de forma diferente: unha delas ten a vogal tónica aberta e a outra tena pechada. Neste caso a vogal tónica aberta é a que leva sempre o acento diacrítico. Exemplo: *cómpre*: 'é necesario' / *compre* 'merque'.

1. Pronuncia amodo as palabras seguintes e colorea cada unha seguindo o código.

vermello } con acento
 } vogal tónica (e, o) aberta

verde } sen acento
 } vogal tónica (e, o) pechada

presa

présa

pola

póla

oso

óso

bola

bóla

■ Completa agora estes grupos nominais coas palabras anteriores que cumpra.

- unha _____ de pan
- unha _____ de carballo
- un _____ de polo
- unha _____ de cristal
- unha _____ con auga
- un _____ panda

2. Escribe a forma verbal en presente de indicativo que corresponda en cada caso.

- Xiana, paréceme que _____ (VER) mal, tes que ir ao oculista.
- Meu curmán Xián _____ (VIR) durmir á miña casa moitas fins de semana.
- Se ti non _____ (VIR) comigo, non vou á festa.
- Eles non _____ (VER) a televisión pola noite; déitanse á súa hora.

3. Marca as oracións en que a palabra destacada está correctamente acentuada.

☐ O gato durmiu fora da casa hoxe.

☐ Tiña presa e non parou a falar.

☐ Para esta torta cómpren dez ovos.

☐ Xa nos avisaron do corte de luz.

☐ Nós marcharemos sobre as oito.

☐ Manqueime no pe ao saltar o valo.

4. Escribe ben as oracións anteriores que estaban mal acentuadas.

- _____
- _____
- _____

As palabras onomatopeicas

Nome _____ Data _____

Lembra

Hai palabras que se formaron por imitación de determinados sons. Por exemplo, *bisbar* formouse a partir da imitación do son que fan as persoas que falan en voz baixa (*bis-bis*). Estas palabras denomínanse onomatopeicas.

1. Escribe oracións que conteñan o nome do animal e a palabra onomatopeica.

Auuuu!

Ca-ca-ra-cá!

Beee!

O lobo ouvea

Cro, cro!

Miau, miau!

Pío, pío!

2. Marca a palabra onomatopeica de cada serie.

☐ bufar☐ buscar☐ bulir☐ burlar☐ restar☐ renxer☐ remar☐ reter☐ trincar☐ tocar☐ tintinar☐ tronzar☐ chantar☐ chiscar☐ chapuzar☐ chorar

■ Completa cada oración coa forma verbal anterior que corresponda.

- Vin como o teu irmán _____ nos charcos que hai no camiño.
- Alicia entrou _____ pola porta, viña cansa.
- Ao saltar, as moedas _____ no peto da chaqueta.
- A porta da casa _____ cada vez que a abren.

3. Escribe os verbos anteriores xunto coa onomatopea que corresponda.

• _____ ▶

rass-rass

• _____ ▶

buf-buf

• _____ ▶

chip-chap

• _____ ▶

tin-tin

Escribir unha noticia

Nome _____ Data _____

1. Observa este suceso e responde as preguntas para preparar a noticia escrita.

Luns, 3 de febreiro.
Praia das Areas.
Excursión, alumnos de 6.º...



Estaba recollendo
unhas cunchas cando
atopei isto...



Ao cabo de dous días...

O cofre contén
o tesouro dun antigo
veleiro pirata que...



- Que pasou? ► _____
- Onde pasou? ► _____
- Quen participou? ► _____
- Cando pasou? ► _____
- Por que pasou? ► _____

2. Redacta a noticia e escribe un titular que recolla o máis importante do suceso.
Se o precisas, inventa algún dato máis e engádeo á noticia.

Nome _____ Data _____

Lembra

Os verbos son as palabras que expresan accións ou estados e os sitúan no tempo.


Cada verbo ten moitas formas verbais. As formas verbais poden ser simples ou perifrásticas. O conxunto de todas as formas dun verbo é a súa conjugación.

Todas as formas verbais constan de raíz e desinencia.

1. Arrodea os verbos que atopes no texto seguinte.

O descubrimento dos dinosauros

Din que o científico inglés Richard Owen propuxo, no ano 1842, usar a palabra *dinosauro* para definir unha antiga clase de réptiles de grandes proporcións, da que descubriron moitos restos fósiles durante o século XIX. A palabra *dinosauro* provén dos termos gregos *dainós*, que significa 'terrible', e *sauros*, que significa 'lagarto'.



2. Separa estes verbos en raíz e desinencias.

- | | | | |
|------------|---------|-------------|---------|
| • conenzo | ► _____ | • xogar | ► _____ |
| • xantaban | ► _____ | • dirixides | ► _____ |
| • sentise | ► _____ | • collería | ► _____ |
| • sairán | ► _____ | • repartiu | ► _____ |

3. Escribe os infinitivos das formas verbais seguintes e di a que conjugación pertencen.

- almorza ► *almorzar, primeira conjugación*
- souben ► _____
- iredes ► _____
- dei ► _____
- vexa ► _____
- tivo ► _____
- desfai ► _____
- dormen ► _____
- convén ► _____
- pertence ► _____

Nome _____ Data _____

Lembra

O acento diacrítico serve tamén para diferenciar dúas palabras que se escriben igual, pero das cales unha é tónica (substantivo, verbo, adxectivo) e a outra é átona (artigo, preposición, conxunción). Exemplo: á: contracción *a+a*; 'ala' /a: artigo feminino singular; pronome átono; preposición.

As formas verbais con acento diacrítico consérvano cando van seguidas do pronome persoal. Exemplo: *Iso éche imposible*.

1. Ponlles acento diacrítico ás formas destacadas que o precisen en cada oración.

- Chegamos a casa as cinco en punto para recollelos e tiñan as maletas sen facer.
- Esas bandexas son demasiado chas, non chas recomendo para servir o cocido.
- Se me da tempo, despois da merenda vou facerche unha visita.

- Copia as formas destacadas anteriores que son contraccións e explica que compoñentes as forman.

- _____
- _____
- _____
- _____

2. Pasa estas oracións de negativas a afirmativas. Ten en conta que as formas con diacrítico deben manter o acento gráfico.

- Non me dás medo. ► _____
- Non me vén buscar el. ► _____
- Non vos é moi amable. ► _____
- Non lle dá a gana. ► _____

3. Completa coa forma axeitada en cada caso.

é / e



- A titoría _____ de cinco a seis.
- Non o movas, _____ frágil.
- Sabela _____ Roi xa marcharon.
- Cando _____ a carreira?
- Fai a cama _____ recolle o cuarto.
- Marchou _____ non volveu.

máis / mais



- Quero _____ leituga.
- Non o pediu _____ desexábao.
- Canto _____ leo _____ me gusta.
- Busqueino _____ non o atopei.
- Tardou _____ de dúas horas.
- Xogou _____ estaba lesionado.

Nome _____ Data _____

Lembra

Ás veces, substituímos palabras que poden resultar ofensivas ou pouco elegantes por outras que consideramos máis respectuosas ou bonitas. Estas palabras chámanse eufemismos e as palabras ás que substitúen, palabras tabú. Por exemplo, a palabra *discapacitado* é un eufemismo que se utiliza no lugar de *minusválido*, considerada tabú.

1. Localiza dúas expresións eufemísticas no texto.



Este conflito bélico causou
moitos danos colaterais
entre a poboación civil...

■ Copia cada expresión anterior ao carón da palabra tabú a que equivale.

• guerra ► _____ • vítimas ► _____

2. Escribe a palabra tabú e o eufemismo que che suxire cada imaxe.



Tabú _____
Eufemismo _____



Tabú _____
Eufemismo _____

3. Clasifica as palabras e expresións de cada parella segundo sexan eufemismos ou palabras tabú.

- invidente - cego
- parir - dar á luz

- morte - defunción
- desocupado - parado

- demente - tolo
- ouriñar - mexar

Eufemismos	
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Palabras tabú	
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Nome _____ Data _____

1. Fíxate ben como se cubriu este impreso, atopa tres incorreccións e explícaaas.

IMPRESO DE MATRÍCULA - CAMPAMENTO FIN DE SEMANA

SOLICITANTE. DATOS PERSOAIS

_____ / _____ / _____
 (1.º apelido) (2.º apelido) (Nome)

Domicilio: rúa Sálvora, 4 2.º B Núm: _____ Piso e porta: _____

Localidade: Roís Provincia: A Coruña C.P.: 15911

Tel. fixo: 98686900 Tel. móbil: 37465077 Correo electrónico: xufon@correo.es

Idade: 11 anos Data de nacemento: 01/01/1999

Actividades (Marca cunha cruz dúas opcións)

☐ XOGOS MUSICAIS *	☐ INFORMÁTICA **	(*Para nenos e nenas de 6 a 8 anos) (**Para nenos e nenas de 10 a 12 anos)
☐ COCIÑA DIVERTIDA *	☒ XOGOS DE ENXEÑO **	
☒ FACEMOS TEATRO *	☐ PINTURA E ESCULTURA **	

Data 11 de novembro de 2010 Sinatura: _____

- Incorrección 1 ► _____
- Incorrección 2 ► _____
- Incorrección 3 ► _____

2. Cubre ti o impreso de forma correcta cos teus datos.

IMPRESO DE MATRÍCULA - CAMPAMENTO FIN DE SEMANA

SOLICITANTE. DATOS PERSOAIS

_____ / _____ / _____
 (1.º apelido) (2.º apelido) (Nome)

Domicilio: _____ Núm: _____ Piso: _____

Localidade: _____ Provincia: _____ C.P.: _____

Tel. fixo: _____ Tel. móbil: _____ Correo electrónico: _____

Idade: _____ Data de nacemento: _____

Actividades (Marca cunha cruz dúas opcións)

☐ XOGOS MUSICAIS *	☐ INFORMÁTICA **	(*Para nenos e nenas de 6 a 8 anos) (**Para nenos e nenas de 10 a 12 anos)
☐ COCIÑA DIVERTIDA *	☐ XOGOS DE ENXEÑO **	
☐ FACEMOS TEATRO *	☐ PINTURA E ESCULTURA **	

Data _____ Sinatura: _____

Nome _____ Data _____

Lembra

As formas verbais teñen número e persoa. Pero o infinitivo, o xerundio e o participio son formas non persoais.

Os verbos sitúan a acción nun tempo concreto: no pasado, no presente ou no futuro.

Os modos verbais reflicten a actitude do falante diante do que di.

Os modos verbais son tres: indicativo, subxuntivo e imperativo.

1. Le o texto e ordena as viñetas.

Un accidente desafortunado

Xoán comprou unha bicicleta a semana pasada e atreveuse a saír pola beiravía. Un coche saltou un stop, tocoulle de costado e fixo que caese ao chan. Agora está en repouso, porque rompeu un brazo. De aquí a cinco semanas, quitaranlle a escaiola e poderá comezar os exercicios de rehabilitación. Por sorte, levaba o casco e non lle pasou nada grave.



- Agora subliña os verbos en forma persoal que atopes no texto. Usa o amarelo para os verbos en pasado, o vermello para o presente e o verde para o futuro.

2. Completa as oracións cunha forma persoal do verbo entre parénteses.

- É unha mágoa que Xoán non _____ (COÑECER) esta vila.
- Cando _____ (PODER), _____ me (PASAR) o sal.
- _____ (PECHAR) a porta de todo, por favor.
- Xosé _____ (TER) sono porque non _____ (DURMIR) abondo.

- Agora clasifica os verbos que escribiches segundo o modo ao que pertencen.

indicativo	subxuntivo	imperativo
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

Casos especiais de acentuación

Nome _____ Data _____

Lembra

- Cando un pronome persoal átono (*me, te, che, o...* e as correspondentes contraccións) vai unido ao verbo provoca que cambie a posición da sílaba tónica. Para os efectos de acentuación, os verbos cos pronomes pospostos seguen as normas xerais de acentuación. Exemplo: *preséntalles*.
- Os estranxeirismos adaptados á nosa lingua tamén seguen as regras xerais de acentuación. Exemplo: *debut, xampú, líder*.
- As palabras compostas seguen as regras de acentuación se van perfectamente unidas (*sapoconcho*) e acentúanse individualmente se van unidas por guión: *tráxico-cómico*.

1. Escribe a forma verbal que se indica para cada liña tendo en conta que deben ir xunto co pronome posposto e despois ponlle acento gráfico se cumpre.

- mercar
- comenta
- lembra
- saca
- pide
- chama

Brais.

Como hoxe é o aniversario de Neves, saímos _____lle un regalo; e despois iremos ao cine. _____llo á avoa, non se vaia preocupar se chegamos tarde. E _____te do can: _____o a pasear un pouco polo parque. Por certo, cando chegue teu irmán, _____lle que che axude a ordenar o salón. Se precisas algo, _____nos. Hoxe temos a tarde para nós e queremos aproveitala! Un bico, papá.

2. Di que acentuación ten a forma verbal, engádelle o pronome e di cal é a acentuación da nova forma co pronome posposto. Fíxate no exemplo.

contará (aguda) + cha ► contaracha (grave)

- recolle (_____) + a ► _____ (_____)
- comín (_____) + as ► _____ (_____)
- buscarei (_____) + te ► _____ (_____)
- saben (_____) + o ► _____ (_____)

3. Ponlles acento gráfico ás palabras compostas seguintes que o precisen.

- videocamara
- longametraxe
- teorico-practico
- galego-portugues
- cortauñas
- pasamans
- lucecu
- baloncesto
- castelan-falante

Nome _____ Data _____

Lembra

Algunhas palabras teñen igual forma, aínda que significado distinto como *nora* ('atracción de festa') e *nora* ('a muller do fillo con relación aos pais deste'); outras como *abalar* e *avalara*, pronúncianse igual, aínda que se escriben de maneira diferente. As palabras que se pronuncian igual, escríbanse ou non de maneira diferente, son palabras homónimas.

1. Relaciona cada oración co significado da palabra homónima destacada.

- | | |
|-------------------------------------|------------------------------------|
| Non tivo valor para dicírllo. • | • Poñer unha cousa nun sitio. |
| Non comas o pan, que ten balor. • | • Elixir. |
| Tes que botar máis leite no vaso! • | • Peluxe causada por fungos, mofo. |
| Imos votar un novo delegado. • | • Coraxe, valentía. |

2. Subliña os dous homónimos que hai en cada oración e, despois, completa o cadro co que se pide.

1 ► Deixei o sobre cos cartos sobre a mesa.

2 ► Segundo as bases da carreira o segundo en chegar tamén recibe premio.

	Homónimos	Clase de palabra	Significado
1			
2			

3. Escribe a palabra común a cada parella de definicións e escribe unha oración con cada significado.

- | | | | | | |
|----|--|---------|----|--|---------|
| a) | <div>Dez máis dous.</div> <div>Pastel, confeito.</div> | } _____ | b) | <div>Dar píos as aves.</div> <div>Columna grosa e forte.</div> | } _____ |
|----|--|---------|----|--|---------|




a) ► _____

b) ► _____

Redactar normas de seguridade

Nome _____ Data _____

1. Observa os sinais seguintes e responde.



- Cal é o obxectivo destes sinais? _____
- A quen van dirixidos? _____

■ Escribe a norma que indica cada sinal.

- Norma 1 ► _____
- Norma 2 ► _____
- Norma 3 ► _____
- Norma 4 ► _____

2. Escribe un texto en que expliques as normas de seguridade que teñen que seguir os usuarios dunhas escaleiras mecánicas.

NORMAS DE SEGURIDADE NAS ESCALEIRAS MECÁNICAS

Nome _____ Data _____

Lembra

Os tempos verbais son conxuntos de formas que sitúan a acción no mesmo tempo e no mesmo modo.

Os tempos verbais pódense clasificar en varias categorías: tempos pretéritos, tempos presentes ou tempos futuros.

1. Subliña as formas verbais que atopes no texto, seguindo o código.

vermello ► presente

verde ► pasado

azul ► futuro

Anxo, o que todo o conta

O meu amigo Anxo ou non sabe gardar un segredo ou mete a zoca! Hai uns días, estabamos preparando a festa de aniversario para Marta e comenteille: «Non lle digas nada.» E el asegurou: «Tranquilo, serei unha tumba!» Pero aos dous días, Marta chamou por teléfono enfadada: «Contoume Anxo que estades preparando unha festa para Silvia. Por que non me dixestes nada?» Xa vedes a metedura de pata de Anxo. Non sei cando cambiará!

2. Risca, en cada serie, as formas que non pertencen a cada tempo de pasado do modo indicativo.

perfecto

falei • dixeron • iremos • observaches • acabarades

pluscuamperfecto

revisara • regresaras • iríamos • desfarei • foran

imperfecto

falaba • presenta • escoitaban • saía • tivera

3. Analiza os verbos que aparecen no diálogo, seguindo o modelo.



- Rapazas, sodes as mellores. Por iso estou segura de que gañaredes o partido.
- Si, tes razón! Gañaremos o partido e dedicaremos a vitoria a todos os nosos afeccionados.

- *Sodes: segunda persoa do plural do presente de indicativo do verbo «ser».*

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Nome _____ Data _____

LembraEscríbese *b* nos casos seguintes:

- Diante de *l* e *r* (agás *acivro*). Exemplo: *amable, broma*.
- As terminacións *-bilidade* e *-bundo*. Exemplo: *amabilidade, vagabundo*.
- As palabras que comezan por *bu-*, *bur-* e *bus-* (agás *vurullo*). Exemplo: *bufanda, burbulla, buscar*.
- As formas do pretérito imperfecto de indicativo dos verbos en *-ar* (*-aba, abas...*).
- Os verbos acabados en *-bir* (agás *servir, vivir, e vir* e os seus derivados).
- Os verbos *beber, caber, deber, haber, saber e sorber*.
- Outras palabras como *abelá, baleiro, billa, bolboreta, marabilla, móbil, polbo...*

1. Busca na sopa de letras oito verbos con *b* e clasifícaos.

S	B	R	B	S	P	N	R
T	R	E	O	A	A	T	A
E	S	C	R	I	B	I	R
X	L	I	A	E	E	E	M
C	A	B	E	R	B	B	R
C	M	I	V	E	E	S	N
E	B	R	R	B	R	U	I
N	E	E	E	L	N	B	B
P	R	O	H	I	B	I	R
X	S	O	R	B	E	R	S

infinitivo en *-bir*

- _____
- _____

infinitivo en *-ber*

- _____
- _____

■ Completa estas palabras coa grafía que lle falta e escribe de cal dos verbos anteriores deriva cada unha.

- | | | | |
|----------------|---------|---------------|---------|
| • sa__io | ► _____ | • su__ida | ► _____ |
| • prohi__ición | ► _____ | • reci__idor | ► _____ |
| • lam__etada | ► _____ | • escri__án | ► _____ |
| • sor__ete | ► _____ | • __e__edoiro | ► _____ |

2. Escribe o nome de tres animais con *b* a que se refiren estas definicións.

- Insecto voador con catro ás de cores vistosas. ► _____
- Molusco comestible, con oito brazos longos. ► _____
- Mamífero salvaxe tamén chamado porco bravo. ► _____

3. Reescribe esta oración en pretérito imperfecto.

- Cando o mar golpea nas rochas, resoa música na costa.

Nome _____ Data _____

Lembra

Hai palabras, como *eólica* e *heroica*, que se pronuncian dunha maneira tan semellante que se poden confundir. Este tipo de palabras chámanse palabras parónimas.

1. Marca en cada caso a palabra que corresponde á imaxe.


☐ serea

☐ vereia

☐ canelón

☐ canellón

☐ fociños

☐ fouciños

☐ tromba

☐ trompa

2. Copia cada oración co parónimo axeitado.

- O campamento tiña (*previsións* / *provisións*) para un mes.

- Non era tan doado (*acertar* / *acercar*) a resposta ao enigma.

- Seu pai ensinoulle a (*profesión* / *procesión*) de carpinteiro.

- A túa amoestación tivo un (*efecto* / *afecto*) inmediato.

- O ourego é unha (*especie* / *especia*) moi aromática.

3. Copia a parella de palabras de cada recadro que poden ser parónimas entre si.

adoptar optar adaptar

► _____

actitude aptitude virtude

► _____

teito reino leito

► _____

mallá vella tella

► _____

Nome _____ Data _____

1. Le o texto seguinte e responde.

Mercado de intercambio

Esta fin de semana houbo na praza vella de Vilasol o primeiro mercado de intercambio. A asistencia de público que acudiu para cambiar obxectos foi moderada. Falamos con algúns dos asistentes e as opinións sobre este acontecemento que obtivemos son variadas. Xulia, unha veciña da vila, comentounos: «É unha maneira ecolóxica de desfacerse das cousas que non utilizas e que ocupan lugar na casa. É... reciclar. Cambiei un xogo de ordenador que non usaba por unha pelota de baloncesto.» Pero non todos teñen a mesma impresión, tal como nolo transmitiu Raúl, outro veciño que se achegou polas diversas casetas e que nos explicou: «Eu creo que isto non ten futuro: quixen cambiar un disfrace de superheroe, pero non atopei ningúen que estivese interesado. Ademais, como podes calcular o valor das cousas? Non sería moi xusto, por exemplo, cambiar unha cunca por un televisor, non cre?».



- Que opinan do mercado de intercambio as dúas persoas mencionadas no texto?

Xulia ► _____

Raúl ► _____

2. Que opinas ti? Escribe un breve texto para explicalo e dá argumentos.

Nome _____

Data _____

Lembra

Os verbos poden ser regulares e irregulares.
 Os verbos regulares manteñen a mesma raíz en todas as formas e presentan as mesmas desinencias ca o verbo que lles serve de modelo de conjugación.
 Os verbos irregulares presentan cambios na raíz ou toman desinencias diferentes das do verbo que lles serve de modelo.
 Os verbos defectivos teñen unha conjugación incompleta.

1. Arrodea as formas verbais do diálogo seguinte.

- Viches aquelas sombras, Pauliño? Que son?
- Aí non hai nada!
- Como que non! Paulo, fíxate ben. Parece un ovni!
- Señor García, xa sei o que lle pasa. Ten as lentes sucias!




- Copia as formas verbais anteriores e escribe, ao carón delas, o infinitivo correspondente.

• _____ ▶ _____	• _____ ▶ _____
• _____ ▶ _____	• _____ ▶ _____
• _____ ▶ _____	• _____ ▶ _____
• _____ ▶ _____	• _____ ▶ _____

- Responde. Cales destes verbos son irregulares? Por que o sabes?

2. Le o diálogo seguinte e subliña os tres verbos defectivos que atopas.



- Responde. Que caracteriza os verbos defectivos?

Nome _____ Data _____

Lembra

Escríbense con v os casos seguintes:

- Todas as formas dos verbos *vir*, *servir* e *vivir* e as palabras da súa familia.
- Os adxectivos rematados en avo/a, ave, evo/a, eve, ivo/a. Exemplo: *oitavo*, *suave*, *lonxevo*, *breve*, *nocivo*... agás (*ceibo*, *ceibe*, *árabe* e *roibo*).
- As formas verbais co son /B/ dos verbos *estar*, *ter* e *ir*. Exemplo: *estiven*, *tiven*, *vou*.
- A maioría dos verbos rematados en -ver (agás *beber*, *sorber*, *haber*, *caber* e *saber*).
- Outras palabras como *caravel*, *vasoira*, *voda gravata*, *gravar*, *avogado*, *voitre*, *avó*, *covarde*, *vermello* e os derivados delas.

1. Completa os ocos do texto con **b** ou **v**.

Un filme pouco coñecido

Onte meu curmán le___oume ao cine a ___er unha película. Titulá___ase
O oita___o día e seica é dun director escandina___o do que eu nunca oín falar.
 O filme é un canto á ilusión de ___i___ir, que relata a loita dun rapaz contra
 a enfermidade que o o___riga a estar encamado e contra a que se re___ela
 con ___alentía. Ha___ía pouca xente no cine; segundo meu curmán porque
 o filme non ti___o moita pu___licidade, pero os críticos falan moi ___en del
 e din que desen___ol___e a historia de forma positi___a.

2. Completa cada oración coa forma correcta.

- Mira no caixón da mesa _____ se gardei o reloxo alí. (*a ver / haber*)
- A sopa de allo que fai meu pai está moi _____. (*boa, boa*)
- A roupa xa _____ metín na lavadora. (*vola / bola*)

3. Escribe unha oración con cada palabra que non empregaches na actividade anterior.

- _____
- _____
- _____

4. Escribe un verbo da mesma familia de cada unha destas palabras.

- | | |
|--------------------|--------------------|
| • avogado ► _____ | • vivencia ► _____ |
| • varredor ► _____ | • servizo ► _____ |

Nome _____ Data _____

Lembra

As palabras *parafuso*, *papel de lixa* e *trade* son tres substantivos relacionados cun mesmo tema: a bricolaxe. O conxunto de palabras da mesma clase (substantivos, adxectivos, verbos, etc.) que se relacionan cun mesmo tema forman un campo semántico.

1. Agrupa as palabras seguintes segundo o campo semántico a que pertencen.

- amorodo
- arroz
- cereixas
- leituga
- repolo
- pexego
- cebada
- espinacas
- acelgas
- limón
- trigo
- millo

froitas	verduras	cereais

2. Numera cada grupo de palabras segundo o campo semántico a que pertencen e engade dúas palabras máis en cada campo.

1. instrumentos musicais 2. ferramentas 3. recipientes 4. profesións


- ☐ serra, martelo, espátula, _____, _____
- ☐ piano, frauta, óboe, _____, _____
- ☐ avogado, arquitecto, médico, _____, _____
- ☐ xerra, vaso, cunca, _____, _____

3. Localiza e risca as dúas palabras intrusas en cada campo semántico.

• mesa	• armario	• reloxo	• cadeira	• carpinteiro
• irmá	• amable	• avó	• cuñado	• compañeiro
• cociñar	• culler	• guisar	• maceira	• frixir
• zapato	• pé	• coxa	• brazo	• curar

Nome _____ Data _____

1. Fíxate nesta secuencia de imaxes e responde.



- De que informa esta secuencia de imaxes? _____
- Que ingredientes e que materiais se utilizaron? _____
- En cantos pasos se fai a receita? _____
- Que nome lle poñerías? _____

2. Escribe agora o texto dando as instrucións para elaborar esta sobremesa.

Como se fan _____

Ingredientes: _____

Débense seguir os pasos seguintes:

Nome _____ Data _____

Lembra

Os adverbios son palabras invariables que expresan circunstancias de lugar, tempo, modo e cantidade, ou ben afirmación, negación ou dúbida.

Os adverbios poden funcionar como complemento dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio.

1. Identifica os adverbios que atopes no texto seguinte e clasifícaos segundo a circunstancia que expresan.

Ao Xurés

Mañá marcho de viaxe á serra do Xurés. Aínda que non está demasiado lonxe, nunca fun a esta zona. Sempre ocorre que aquilo que temos máis preto é o que coñecemos peor. Como a viaxe dura pouco, nuns días volverei escribir neste blog e contareivos como o pasei (espero que moi ben!). Se vós estiveses alí algunha vez, deixádeme un comentario e compartide así as vosas impresións comigo.

lugar	tempo	modo	cantidade

2. Relaciona cunha frecha cada adverbio coa palabra que complementan, coma no exemplo.

- Xosé vive demasiado ben: non dá golpe!

- Non te sentes así que te vas magoar no lombo.
- Cada día gústame menos esta serie de debuxos animados.
- O avión de Londres non chegou aínda; anunciaron que o fará máis tarde da hora prevista.

3. Escribe adverbios que signifiquen o contrario dos seguintes.

- | | |
|------------------|------------------|
| • arriba ► _____ | • mellor ► _____ |
| • preto ► _____ | • non ► _____ |
| • dentro ► _____ | • tarde ► _____ |
| • ben ► _____ | • menos ► _____ |

Nome _____ Data _____

LembraEscríbense con *h*:

- Todas as formas dos verbos *haber, habitar, herdar, hospedar...*
- As palabras que comezan por prefixos con *h* como hect(o)-, hemi-, hept-, hidro-, hiper-, etc.

Moitas outras palabras como *harmonía, herba, historia, horta, hotel, humidade...* e os seus derivados.

En galego escríbense sen *h* algunhas palabras que en castelán si o levan.

Exemplo: *ermida, inchar, irmán, oco, orfo, úmero, óso, ovo, ola!...*

1. Escribe unha oración cunha forma conxugada de cada verbo.

- herdar ► _____
- hospedar ► _____
- prohibir ► _____
- habitar ► _____

2. Escribe un prefixo con *h* que falta en cada palabra.

- | | | |
|-----------------|----------------|-----------------|
| • _____ masaxe | • _____ fobia | • _____ soluble |
| • _____ mercado | • _____ activo | • _____ tensión |
| • _____ área | • _____ litro | • _____ gramo |

■ Completa cada oración coa palabra anterior que lle acaia polo sentido.

- Meus pais queren poñer no cuarto de baño unha bañeira de _____.
- Non para quieto, é un rapaz _____.
- A cisterna dese camión só ten capacidade para corenta _____.

3. Completa con *hai* ou *aí*.

- | | |
|-------------------------------------|----------------------------|
| • Xa _____ moito tempo que marchou. | • Vou agora para _____. |
| • Mira ben _____ dentro. | • _____ está o noso coche. |
| • Neste mesón _____ prato do día. | • Hoxe non _____ escola. |

4. Escribe *h* só nas palabras que o teñen que levar.

- | | | | |
|--------------|-------------|----------|----------------|
| • pro__ibir | • __ollos | • __ovos | • __irmán |
| • __ora | • __inverno | • __erba | • pre__istoria |
| • __armónica | • __orror | • __oco | • __umidade |

Palabras individuais e palabras colectivas

Nome _____ Data _____

Lembra

Hai palabras que, en singular, nomean un conxunto de elementos iguais. Por exemplo, *arquipélago* nomea un conxunto de illas. As palabras que en singular nomean un conxunto de seres ou elementos chámanse colectivas e as que nomean unha soa cousa chámanse individuais.

1. Escribe a palabra individual que corresponde a cada imaxe.



equipaxe





ramo





constelación





vaixela



2. Copia as oracións cambiando a palabra individual destacada pola colectiva que corresponda. Fai os outros cambios que necesites.

- Visitaremos esta illa nas próximas vacacións.

- O xogador saudou o público despois do partido.

- Quería ter unha casa preto da montaña.

3. Localiza na sopa de letras cinco palabras colectivas e cinco individuais e clasifícaaas.


S	V	E	O	V	E	L	L	A	E
S	O	O	Z	E	Q	E	F	V	X
R	B	L	T	N	C	A	R	L	P
A	A	E	D	X	D	A	O	T	A
B	R	E	R	A	D	C	T	A	X
A	C	X	D	M	D	L	A	Ñ	A
Ñ	O	N	O	E	F	O	M	T	R
O	A	P	A	U	Z	U	P	F	O
B	E	X	A	B	E	L	L	A	N
O	B	E	X	E	R	C	I	T	O

individuais		colectivas
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____

Nome _____ Data _____

1. Le, observa o plano e marca o itinerario correcto.

María está diante do concello dunha viliña e quere ir deica a ferverza que hai a dous quilómetros, pero non coñece a ruta. Pregúntalle a dous veciños do lugar e estas son as respostas que obtén. Cal das dúas é a correcta?

**Veciño 1**

Vai por esta estrada cara arriba todo recto. Xusto despois de cruzar por unha pequena ponte por onde pasa un regato, á esquerda hai un camiño que sobe cara á montaña. Vai por el e continúa subindo por un camiño que pasa entre piñeiros. No cruzamento seguinte, xira de novo á esquerda e continúa un carreiro montaña arriba, moi empinado, ata chegar ao miradoiro da ferverza.

**Veciño 2**

Sigue esta estrada cara arriba. Na bifurcación continúa á dereita todo recto. Pasarás por unha ponte sobre un regato e á esquerda deixarás un desvío. Continúa recto e chegarás a un cruzamento onde hai un grupo de casas. Xira á esquerda e continúa pola pista que sobe cara ao bosque. No cruzamento seguinte xira á dereita por un camiño sinuoso e estreito que vai en costa. No alto está o miradoiro da ferverza.

2. Escribe cal é a ruta que terá que seguir María desde a ferverza ata o castelo.

Nome _____ Data _____

Lembra

Os enlaces son palabras invariables que serven para unir palabras ou grupos de palabras.

As preposicións son enlaces que unen palabras co seu complemento.

As conxuncións son enlaces que unen palabras, grupos de palabras e oracións entre si. Hai conxuncións copulativas, disxuntivas e adversativas.

1. Arrodea os enlaces que atopas neste texto seguindo o código.

vermello ► as preposicións

azul ► as conxuncións

Nós contra as cascudas

Maruxa e mais eu comezamos unha batalla contra as cascudas. Cando vimos a primeira, pensamos que debера entrar na casa pola ventá. Maruxa matouna cunha vasoira, pero ao día seguinte apareceu outra. Probablemente saísen do moble que hai debaixo da pía, porque ese é un lugar húmido en contacto con tubos.

As cascudas que nos visitan non son desas negras que había antes, senón desas encarnadas e noxentas que hai agora.



2. Explica a función de cada clase de conxuncións.

- copulativas ► _____
- disxuntivas ► _____
- adversativas ► _____

■ Di que tipo de conxuncións son as seguintes e escribe unha oración con cada unha.

- nin () ► _____
- senón () ► _____
- ou () ► _____
- e () ► _____

3. Completa as oracións cos enlaces do cadro que corresponda en cada caso.

nin	de
senón	a
nin	contra
e	en

- O meu equipo xoga _____ o teu _____ Ourense.
- Este paraugas non é teu _____ Luísa.
- _____ ti _____ eu sabemos a onde vai ese bus.
- O pai _____ a nai marcharon _____ ver os avós.

Nome _____ Data _____

Lembra

A grafía x pode representar dous sons no galego.

- A maioría das veces, a grafía x soa coma en *máxica*.
 - En moitas palabras cultas, a grafía x soa coma ks ou s. Exemplo: *examinar...*
- Levan x palabras cos prefixos ex- e extra- ('fóra', 'exceso') Exemplo: *extraer*, *extraordinario*. Non levan x as palabras *escavar*, *escavadora*, *estrañar*, *estranxeiro...*

Ás veces, por influencia do castelán, algúns falantes empregan con x palabras que teñen que levar ll. Cómpre evitar este tipo de confusións. Exemplo, a forma correcta é *antollo*, non **antoxo*.

1. Subliña todas as palabras coa grafía x e despois copia tres exemplos de cada.

Viaxes interesantes

Aleixo levounos de excursión pola fraga do Eume. Segundo nos explicou é un importante exemplo de bosque autóctono e, pola súa riqueza natural, a xoia dos bosques da península Ibérica. Despois de andar un bo anaco xantamos preto do mosteiro de Caaveiro, que está xusto no corazón da fraga. Pola tarde Aleixo deixounos andar un pouco ao noso aire. Xavi e mais eu dedicámonos a examinar pequenos insectos e plantas semellantes ás que aparecían nun libro que levaba el. Foi extraordinario ver tantas cousas! Xa á tardiña soou o chifre de Aleixo, que nos chamaba para regresar á casa. A próxima vez vainos levar á Guarda, onde desemboca o río Miño.



O x soa coma
en *maxia*

O x soa coma
en *taxi*

2. Completa as palabras coa grafía correspondente en cada caso.

x/s		x/ll	
• e__cavar	• e__piñento	• pele__o	• pare__a
• e__pecial	• e__poñer	• carre__ar	• dese__o
• e__tracción	• e__toupar	• estropa__o	• anto__o
• e__periencia	• e__trarradio	• có__egas	• a__óu__ere

O sentido literal e o sentido figurado

Nome _____ Data _____

Lembra

O sentido literal dunha palabra é o significado que ten en orixe. Por exemplo, *embarcar* significa 'entrar nalgúns vehículos para emprender unha viaxe'. O sentido figurado, en cambio, é o significado que adquire unha palabra a partir do uso expresivo que se fai dela. Por exemplo, *embarcar*, en sentido figurado, significa 'participar nun negocio arriscado ou pouco conveniente'.

1. Marca a oración en que a palabra destacada ten un sentido figurado.

- | | |
|--|--|
| ☐ O mar estaba moi tranquilo. | ☐ Está inmerso nun mar de dúbidas. |
| ☐ Este rapaz é un ceo, axuda a todos. | ☐ Mañá o ceo estará moi anubrado. |
| ☐ O pai é unha máquina calculando. | ☐ O pai ten unha máquina de escribir vella. |

2. Escribe o número da oración a que fai referencia cada significado e di se se trata dun sentido literal ou figurado.

1. O detido cantou quen fora o culpable en cinco minutos. 2. O coro da escola cantou unha peza do meu compositor preferido. ☐ Producir sons musicais coa voz. Sentido _____ ☐ Confesar unha cousa á forza. Sentido _____	1. María pintoume aquel proxecto como algo extraordinario. 2. Pintamos o noso cuarto en dez minutos. ☐ Describir como é unha cousa. Sentido _____ ☐ Cubrir con pintura. Sentido _____
--	---

3. Completa as oracións coa palabra que corresponda en sentido figurado.

espiña bomba máscara moble	• Teño unha noticia _____: iremos de viaxe a París. • Detrás desta _____ de duro hai un rapaz sensible. • Alberte é un _____, está aí pero non axuda a nada. • Non gañar ese partido é unha _____ que leva cravada.
---	--

■ Escribe unha oración co sentido literal das palabras anteriores.


- _____
- _____
- _____
- _____

Facer unha reclamación

Nome _____ Data _____

1. Le a situación seguinte e responde.

Todos os sábados vas a un curso de natación na piscina municipal da túa localidade. Desde hai unhas semanas, a temperatura da auga é máis baixa do habitual e decides presentar unha reclamación.



- Que queixa tes que expresar? _____
- Que petición tes que facer? _____

2. Cubre agora o impreso de reclamación cos teus datos e expón os motivos e a solicitude da túa reclamación. Inventa os datos que precisas.

FOLLA DE RECLAMACIÓNS	
CENTRO _____	MUNICIPIO _____
DATOS DO RECLAMANTE	
APELIDOS _____	NOME _____
DOMICILIO _____	CP _____
LOCALIDADE _____	PROVINCIA _____
TELÉFONO: _____	CORREO-E _____
MOTIVO DA RECLAMACIÓN	
SOLICITUDE	
Localidade e data	
_____, _____ de _____ de 20____	
Sinatura:	

Lembra

Os enunciados son agrupacións ordenadas de palabras con significado completo. Poden ser frases ou oracións.

As oracións conteñen polo menos un verbo en forma persoal e estrutúranse en suxeito e predicado.

O suxeito pode ser léxico ou gramatical. O suxeito léxico consta sempre dun núcleo, que pode ir acompañado ou non de determinantes e complementos.

1. Converte cada frase en oración, e cada oración en frase.

- Vai moito frío. ► _____
- Que neno tan forte! ► _____
- Por moitos anos! ► _____
- Xa nos veremos! ► _____

2. Subliña en cada oración, o suxeito de vermello e o predicado, de azul.

- A avoa de Carlos fai unhas empanadas de bonito boísimas.
 - Un compañeiro da clase vive nunha granxa de Arzúa.
 - Aquel gato siamés buscaba comida entre o lixo.
 - Este edificio de cor azul só ten tres pisos.
- Copia os suxeitos das oracións anteriores no cadro, separando os elementos de que constan.

determinantes	núcleo	complementos

3. Escribe dúas oracións que conteñan suxeito léxico, e dúas que conteñan suxeito gramatical.

suxeito
léxico



- _____
- _____

suxeito
gramatical



- _____
- _____

Nome _____ Data _____

Lembra

- Os grupos -cc- e -ct- mantéñense naquelas palabras en que os preceden as vogais a, e, o. Exemplo: *espectacular, exacta, proxección*.
- Suprímese a letra c nos grupos -cc- e -ct- cando os preceden as vogais i e u. Exemplo: *reproducción, diccionario, ditado, estrutura*.
- Son excepcións a esta norma algunhas palabras de uso culto como: *adicción, pictograma, veredicto, ficción*.

Cando unha palabra se escribe co grupo -ct-, as da súa familia tamén conteñen o grupo -cc-. Exemplo: *acto-acción*.

1. Arrodea a oración correctamente escrita en cada caso.

- a) O actor non acudiu á proxección do seu novo filme.
- b) O actor non acudiu á proxeción do seu novo filme.
- a) A causa do accidente foi unha terrible distracción do condutor.
- b) A causa do acidente foi unha terrible distración do condutor.
- a) A elección do novo director será o próximo mércores.
- b) A elección do novo director será o próximo mércores.

2. Escribe unha palabra rematada en *-ción* ou *-cción* relacionada con cada unha das seguintes.

- | | |
|----------------------|--------------------|
| • calefactor ► _____ | • condutor ► _____ |
| • activo ► _____ | • directo ► _____ |
| • discreto ► _____ | • correcto ► _____ |
| • destruír ► _____ | • extracto ► _____ |

3. Completa as palabras do cadro coas grafías que faltan. Despois pinta da mesma cor as palabras que son da mesma familia.

produ__ir	obxe__ión	extra__ivo	edi__orial
obxe__o	edi__or	produ__or	extra__or
extra__ión	produ__ión	obxe__ivo	obxe__ar
edi__ión	extra__o	edi__ar	produ__ivo

Nome _____ Data _____

Lembra

A palabra *chatear* foi creada hai pouco tempo para referirse a unha realidade que deica ese momento non existía: conversar a través da Internet. As palabras novas que xorden nunha lingua para referirse a cousas, accións, etc., que antes non existían chámanse neoloxismos.

1. Relaciona cada neoloxismo coa imaxe correspondente.

escáner

cámara fotográfica

teléfono móbil

micrófono



■ Escribe unha oración con cada palabra.

- _____
- _____
- _____
- _____

2. Une as partículas para formar neoloxismos. Fíxate na acentuación.

- | | | |
|---------|---------|---------|
| inter • | • cros | ▶ _____ |
| moto • | • fibra | ▶ _____ |
| micro • | • xogo | ▶ _____ |
| vídeo • | • nauta | ▶ _____ |

3. Identifica dous neoloxismos en cada cartel e cópiaos.

Ata o 70% de desconto!
Ofertas na sección de multimedia
do hipermercado.

Cibercafé Novolar
Goza da Internet coa mellor
velocidade e comodidade.

Elaborar un anuncio publicitario

Nome _____ Data _____

1. Fíxate no anuncio e responde.

As zapatillas con música
que amenizarán os teus paseos.
Ponas e camiña con ritmo.

- Temas en formato mp3
- Altoparlantes laterais
- Interior forrado
e punteira reforzada
- Variedade de cores e modelos



- Que produto se anuncia? _____
- Que se destaca del? _____
- Cal é o slogan? _____
- Copia unha frase do texto que só dea información.

- Copia unha frase que intente convencer o destinatario.

2. Completa cada slogan co produto que podería anunciar.

- Para crecer san e con enerxía, toma _____ «Galáctica» cada día.
- Con _____ «Mirasol», veralo todo doutra cor.
- Proba o _____ «Pelosán» e dilles adeus aos cabelos enredados.

3. Escolle un dos slogans anteriores e elabora o anuncio completo, tendo en conta o modelo da actividade 1.

Nome _____ Data _____

Lembra

Os predicados poden ser verbais ou nominais.

O predicado nominal expresa que é ou como é ou está o suxeito. Contén un verbo copulativo e un atributo. O atributo expresa unha calidade ou un estado do suxeito. O predicado verbal presenta como núcleo un verbo predicativo que expresa acción ou proceso.

1. Escribe unha oración a partir de cada núcleo do predicado.

- cantas ► _____
- recolle ► _____
- estaredes ► _____
- construírá ► _____
- durmía ► _____

2. Relaciona cada oración co tipo de predicado que contén.

- O meu amigo Alberte é vexetariano.
- O próximo verán iremos de viaxe a León.
- As gatiñas parecían asustadas.
- Antón traballa de arquitecto en Londres.
- A árbore máis abundante aquí é o carballo.
- A auga deste regato parece contaminada.

PREDICADO NOMINAL

PREDICADO VERBAL

3. Arrodea o verbo copulativo de cada oración e subliña o atributo.

- Mariña está farta de tanto ruído.
- Estas nenas semellan dúas esculturas.
- Xerardo foi un avogado moi prestixioso.
- Os ciclistas parecían cansos.

4. Escribe de novo as oracións anteriores cambiando o número do suxeito.

- _____
- _____
- _____
- _____

■ Marca. Que outros elementos tiveches tamén que cambiar de número?

- ☐ Só o verbo. ☐ Só o atributo. ☐ O verbo e mais o atributo.

Por que/porque/porqué; se non/senón

Nome _____ Data _____

Lembra

- Por que (preposición + interrogación) escríbese nas preguntas directas e indirectas. Exemplo: *Por que hai tantos accidentes? Sei por que ocorre.*
- Porque (conxunción) escríbese en oracións que indican causa de algo ou responden unha pregunta. Exemplo: *Seino porque o vin.*
- Porqué (substantivo) equivale a «motivo, causa». Exemplo: *Xa sei o porqué dos accidentes.*
- Se non (conxunción + adverbio de negación) escríbese cando se expresa unha condición negativa: Exemplo: *Se non o vexo, non o creo...*
- Senón (conxunción) escríbese cando se contrapón unha idea a outra; equivale a «pero si». Exemplo: *A causa non é a velocidade, senón os espirros.*

1. Escolle a forma axeitada e escribe cada oración.

- Non trouxo o que pediches (*senón / se non*) outra cousa.

- Non poderás entrar (*senón / se non*) tes unha invitación.

- Tomaríacho a mal (*senón / se non*) te coñecese.

- Non me gusta esa bicicleta azul (*senón / se non*) a vermella.

- Marcha xa (*senón / se non*) queres perder o autobús.

2. Completa o texto coas formas que faltan: *porque*, *por que* ou *porqué*.

Un empacho

Tiven que levar a Cuco, o meu can, ao veterinario _____ non se atopaba ben. Eu estaba preocupado _____ el normalmente non para quieto pero ese día estaba tristeiro. Queixábase e eu non sabía _____ estaba así. Mais en canto Lois, o veterinario, o viu dixo: «Un empacho!». Pero _____ empachou se non lle dei máis comida da habitual? Máis tarde, xa na casa, descubrín o _____: todo foi _____ o moi larpeiro entrara na despensa e comera todo un saco da súa comida preferida, sen que ningún dos da casa nos decatásemos.

Nome _____ Data _____

Lembra

Ás veces utilizamos palabras doutras linguas. Algunhas destas palabras acaban formando parte da nosa lingua como, por exemplo, a palabra *fútbol* que provén do inglés *football*. Con todo, en caso de que haxa unha palabra propia para nomear a mesma cousa, é preferible usar esta en lugar da de orixe estranxeira.

1. Arrodea os estranxeirismos usados nestas oracións.

- Quede co meu curmán no hall do hotel.
 - Tirade estas bolsas no contáiner amarelo.
 - O hobby do meu irmán é o aeromodelismo.
 - Mañá cearemos no self-service que abriron no barrio.
- Escribe de novo as oracións cambiando a palabra estranxeira pola que corresponda na nosa lingua.

- vestíbulo ► _____
- afección ► _____
- colector ► _____
- autoservizo ► _____

2. Ordena as letras e escribe a forma galega de cada estranxeirismo.

- *show* ► E C E U L S P T Á C O ► _____
- *mánager* ► R A N T E S E N E P R E T ► _____
- *hándicap* ► C O N I N V E N T E N I E ► _____
- *ránking* ► C F I C Ó N L A C I S I A ► _____
- *búrguer* ► S A R Í A B U H A M R G U E ► _____

3. Escribe unha oración para cada parella de palabras coas formas galegas correspondentes.

- *show* / *hall*

- *hándicap* / *ránking*

- *mánager* / *búrguer*

1. Le o texto e observa con atención as imaxes; despois, responde.

Sábado 25 de marzo

PROGRAMA

- 9 h Tirada de foguetes
- 11 h Pasacalles coa banda municipal
- 14 h Actuación da charanga da escola
- 15 h Paella xigante
- 18 h Desfile de carrozas
- 20 h Concurso de disfraces: entrega de premios
- 22 h Baile coa orquestra Atlántida (no pavillón multiusos)

Ven e pásao ben!



- De que informa o cartel? _____
- Que información che ofrece cada imaxe?
 - Imaxe 1 ► _____
 - Imaxe 2 ► _____
 - Imaxe 3 ► _____

2. Escribe unha crónica breve en que contes como foi o día de festa: como se desenvolveron as actividades, o ambiente da festa e a túa impresión xeral.

[illegible]

Nome _____

Data _____

Lembra

O predicado verbal está formado polo verbo, que funciona como núcleo, e polos complementos deste verbo. Os principais complementos verbais son o complemento directo, o indirecto e o circunstancial.

O complemento directo nomea o obxecto ou o ser sobre o que recae a acción expresada polo verbo.

O complemento indirecto nomea o destinatario da acción que indican o verbo máis o complemento directo.

O complemento circunstancial expresa circunstancias da acción verbal.

1. Escribe unha oración para cada debuxo. Cómpre que todas conteñan un complemento directo e un complemento indirecto.





2. Subliña os complementos circunstanciais das oracións seguintes e di de que tipo son.

- O avión sae cara a París ás doce en punto.
- Os médicos do hospital actúan sabiamente.
- Reunínome no parque cos meus curmáns.
- Esta casa incendiouse por un cortocircuíto.
- Aquel xardineiro cortouse coas tesoiras.



3. Completa as oracións seguintes coa clase de complemento que se indica.

COMP. DIRECTO ► No mercado vin _____

COMP. INDIRECTO ► Regaleille un libro _____

CC DE LUGAR ► Antía vive _____

CC DE TEMPO ► Citoume _____

CC DE MODO ► A chuvia cae _____

CC DE CAUSA ► Manqueime _____

Signos que pechan enunciados

Nome _____ Data _____

Lembra

Para indicar que unha oración acaba e que comeza outra, utilizamos varios signos de puntuación.

- Ao final das oracións en que se afirma ou se nega algo, escíbese un punto (.).
- Ao final das oracións en que se pregunta algo escíbese un signo de interrogación (?).
- Ao final das oracións en que se expresa sorpresa, admiración, medo, etc. escíbese un signo de admiración (!).

Despois destes signos, escíbese sempre maiúscula.

1. Escribe un texto en que utilices as tres clases de puntos que estudaches.

2. Arrodea no texto os signos de interrogación, os de admiración e os diferentes tipos de punto (punto e seguido, punto e á parte e punto final). Usa cor diferente para cada signo.

Querida Irea:

Como estás? Como vai todo por Viveiro? Eu xa cheguei a Lisboa! Isto é precioso! Estou segura de que che gustaría. Toda a cidade é bastante costenta e por iso é aconsellable usar o transporte público se non tes as pernas moi fortes: tranvías, descoloridos e escangallados; autobuses, pequenos e rápidos para subir as rúas estreitas; e mesmo ascensores e funiculares, que te levan dun barrio que está nunha zona moi alta a outro que está nunha zona chaira.

Sabes que estou aprendendo portugués? A verdade é que se parece moito ao galego. Pregunteille a João: «Como se di *deica logo*?». E el contestoume: «Dise *até logo*». Xa ves, que doado!

Pois daquela, «até logo» a todos.

Rosa

- Que outros signos de puntuación atopaches no texto? Di como se chaman.

Nome _____ Data _____

Lembra

Para expresar de maneira abreviada a palabra século, escribíronse as letras iniciais da palabra seguidas dun punto (séc.).
Estas representacións abreviadas dunha palabra chámanse abreviaturas.

1. Marca a abreviatura correcta de cada palabra.

páxina	☐ páx.	☐ px.	☐ páxn.
número	☐ nm.	☐ num.	☐ núm.
documento	☐ dm.	☐ dom.	☐ doc.
preposición	☐ pr.	☐ prep.	☐ pre.
doutor	☐ doc.	☐ dtor.	☐ Dr.

2. Escribe a abreviatura de cada palabra.

- adxectivo ► _____
- avenida ► _____
- teléfono ► _____
- profesor ► _____
- familia ► _____
- esquerda ► _____

3. Copia as oracións substituíndo as abreviaturas por palabras completas.

- O Dr. Olmeiro ten a consulta na r. Andoriña.

- O novo núm. deste cómic ten vinte páxs.

- Os Srs. clientes teñen máis información no tel. 11050.

4. Copia estoutras oracións substituíndo as palabras en cursiva polas abreviaturas correspondentes.

- Esta *preposición* tamén aparece na *páxina* 45.

- O *profesor* Ramos chegará en cinco *minutos*.

- A miúdo os *substantivos* van acompañados dun *adxectivo*.

Comentar un espectáculo

Nome _____ Data _____

1. Le este texto e responde as preguntas.

Un espectáculo redondo

Esta fin de semana os alumnos de sexto asistimos a unha representación teatral no auditorio municipal. A obra titulábase *Máis alá da montaña*. Con este título, ninguén de nós podía imaxinar de que trataría a historia. E a verdade é que foi toda unha sorpresa. A obra presenta as aventuras dun noviño e despistado príncipe a quen seu pai, o rei, obriga a pasar unha proba que forma parte da tradición familiar: ten que ir á montaña sagrada do reino para atopar unha coroa que un emisario do rei agochou alí. De camiño, ao príncipe ocórrenlle unha serie de peripecias moi graciosas que, en moitas ocasións, provocaron as gargalladas do público. A decoración do escenario era bastante escasa, pero a graza e a desenvoltura dos actores e das actrices suplía esta falta. Todos saímos do auditorio cun sorriso nos beizos.

- De que tipo de espectáculo fala o texto? _____
- Cal é o argumento? _____

- Que aspectos da representación se destacan no texto? _____

2. Observa a imaxe e inventa os datos para a película a que podería pertencer.

- Título ► _____
- Argumento ► _____



- Imaxina un aspecto da película que che puidese chamar a atención e coméntaa.

Nome _____

Data _____

Lembra

Segundo a intención do falante, as oracións poden ser enunciativas, interrogativas, exclamativas, exhortativas ou imperativas, optativas ou desiderativas e dubitativas.

Segundo o número de verbos en forma persoal que conteñan, as oracións poden ser simples ou compostas.

Segundo o suxeito sexa axente ou paciente as oracións poden ser activas ou pasivas.

1. Observa o debuxo e completa os globos cunha oración interrogativa e cunha enunciativa.



2. Arrodea os verbos en forma persoal que atopes neste texto. Despois, copia no cadro dúas oracións simples e dúas compostas.

Dúas futuras campioas

Marta é especialista en natación sincronizada. Este ano acompaña a unha deportista máis nova, que se chama Carolina. Polo de agora só participan en campionatos autonómicos, pero de aquí a un tempo formarán parte nunha competición europea. Son unhas nadadoras traballadoras e constantes e xa conseguiron unhas cantas medallas.

Seguro que un día as veremos nos xogos olímpicos!

simples	_____

compostas	_____

3. Escribe unha oración pasiva e convérteala, a continuación, en activa.

pasiva ► _____

activa ► _____

Nome _____ Data _____

Lembra

Escribimos puntos suspensivos (...) nos casos seguintes:

- Para indicar que unha enumeración está incompleta.
- Para indicar que unha oración se interrompe para expresar sorpresa, dúbida, temor...

O puntos suspensivos sempre son tres. Despois dos puntos suspensivos non se pode poñer punto, pero si signos de interrogación e de admiración.

1. Explica que función cumpren os puntos suspensivos nas oracións seguintes.

- Non podes imaxinar en cantos lugares estivo o meu avó Afonso: México, Australia, Nova Celandia, Senegal, Finlandia...

- Perdoa pero... levas posta a miña chaqueta!

- Mai, non sei como dicircho... suspendín un exame.

2. Escribe unha oración con puntos suspensivos para cada debuxo.



1. _____

2. _____



3. _____

■ Explica que función fan os puntos suspensivos en cada oración.

1. _____

2. _____

3. _____

Nome _____ Data _____

Lembra

Cando falamos ou escribimos, utilizamos unhas palabras ou outras segundo a situación en que nos encontramos. Por exemplo, o adxectivo *formidable* adoita utilizarse en contextos cultos ou formais (traballos da clase, conferencias, etc.), mentres que en contextos coloquiais, como unha conversa entre amigos, é máis frecuente usar *guai*.

1. Clasifica a palabra de cada parella segundo o uso que teña.

- obreiro - operario
- proxenitores - pais
- conversar - parrafear
- aforas - periferia
- obsequiar - regalar
- indixente - pobre

uso culto

uso coloquial

■ Escribe unha oración con cada palabra de uso culto anterior.

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

2. Escribe as oracións seguintes dunha maneira máis culta.

- Quería deixar o choio e liscar daquela fábrica.

- Os meus colegas volveron rebentados da súa viaxe.

- Non charles tanto, que teño unha dor de cabeza bestial.

Nome _____ Data _____

1. Le a información deste folleto turístico e responde.

Combarro, unha vila sobre a ría

Combarro é unha vila tranquila das Rías Baixas, un exemplo de arquitectura mariñeira e unha das mellor conservadas de Galicia. Pertence ao concello de Poio, na comarca urbana de Pontevedra.

Está a 7 km da cidade de Pontevedra. Para chegar aquí, desde esta cidade, hai que pasar a ponte da Barca e coller cara á dereita a estrada PO-308.

As construcións máis destacadas deste lugar son os seus hórreos, máis de trinta, que o viaxeiro pode contemplar aliñados sobre as rochas mesmo á beira do mar. Ademais de servir para gardar gran, utilízanse como secadoiro de peixes típicos da ría. Tamén encontramos numerosos cruceiros situados nas prazas e encrucilladas.

Ademais da arquitectura, o viaxeiro tamén pode contemplar escenas mariñeiras que se desenvolven no porto e na praia: barquiñas entrando ou saíndo, redeiras, mariscadoras... e gozar da fabulosa gastronomía que ofrecen os restaurantes do lugar.

- Sobre que lugar informa o folleto? _____
- En que parágrafo se ofrece cada información?
 - * OUTRAS ACTIVIDADES ► _____
 - * PRESENTACIÓN ► _____
 - * ATRACTIVO PRINCIPAL ► _____
 - * COMO CHEGAR ► _____

2. Observa estas notas e elabora un folleto turístico sobre Allariz. Non esquezas escribir un título ben atractivo.

- Allariz, metade occidental de Ourense, a 25 km da capital.
- Atravesado polo curso medio do río Arnoia de leste a oeste.
- Museos: do coiro (séc. VIII), do xoguete (800 xoguetes dos primeiros 60 anos do séc. XX), do tecido, iconográfico.
- Festa de san Bieito (11 de xullo), Festa da Empanada (3.ª fin de semana de agosto), Festa do Boi, Feira do Amendoado, Feira de Outono...

Nome _____ Data _____

Lembra

Os textos son as unidades superiores da linguaxe que utilizamos para comunicarnos.

Os textos teñen unhas características comúns: son mensaxes completas, presentan ideas ordenadas, conteñen enunciados referidos a un mesmo tema que se relacionan entre si. As relacións entre os diferentes enunciados dun texto establécense por medio de enlaces extraoracionais.

1. Corrixe as oracións seguintes para resumir as características que debe ter un texto.

- O texto explica unha mensaxe incompleta.

- As ideas preséntanse de forma libre.

- Os enunciados que o forman tratan sobre temas diferentes.

- Os enunciados non teñen ningunha relación entre si.

2. Explica cal destes dous conxuntos de enunciados reúne mellor as propiedades dun texto e por que.

A.

Cando volto para a casa, sempre paso pola froitaría. A semana pasada merquei un pastel de mazá.

Bo día, as laranxas están docísimas, hoxe comprarei unhas cantas. E as ameixas tamén.

Xa teño sobremesas para a comida.

B.

O meu irmán sempre quixera ter un can. Mentres vivira na casa de nosos pais, non lle deixaran ter un. Agora, como xa se independizou e vive só, mercou un pequeniño. Mañá irei á súa casa para ver o cadelíño.

Outros signos de puntuación

Nome _____ Data _____

Lembra

- As parénteses [()] utilízanse para introducir unha explicación, unha información ou unha aclaración dentro dunha oración.
- As comiñas (« ») utilízanse para reproducir as palabras literais que dixo ou escribiu unha persoa ou para citar os títulos de artigos, poemas, etc.
- A raia (-) utilízase para introducir as palabras dun personaxe ou as aclaracións do narrador cando fala un personaxe.

1. Cubre os ocos da noticia cos fragmentos que presentamos abaixo.

A ONU (_____) presentou un informe sobre o quecemento global, en que recolle as conclusións do grupo de expertos reunidos en Valparaíso (_____). Segundo estes especialistas, « _____ ».

Por iso, fan unha chamada aos gobernos de todo o mundo para que « _____ ».

Polos arredores do edificio onde tivo lugar a reunión víronse manifestantes ecoloxistas con pancartas que dicían, por exemplo, « _____ » (_____).

- ‘salvemos a Terra’, en inglés
- Organización das Nacións Unidas
- pódese afirmar que o ser humano é responsable do cambio climático
- na costa chilena
- *Save the Earth*
- adopten políticas económicas compatibles coa protección do medio

2. Inventa un diálogo entre un cliente dun restaurante e un camareiro. Non esquezas utilizar a raia no comezo de cada intervención.

Nome _____ Data _____

Lembra

Ás veces, pronunciamos ou escribimos de maneira incorrecta algunhas palabras, ben por descoñecemento ou ben por desleixo. Por exemplo, hai quen di *cunducir* en vez de *conducir*. Estas formas incorrectas das palabras chámanse vulgarismos e cómpre evitalos, sobre todo na linguaxe escrita.

1. Escribe a forma correcta que corresponde a estes vulgarismos.

- | | |
|--------------------|-------------------|
| • andalias ► _____ | • amoto ► _____ |
| • mamoria ► _____ | • premiso ► _____ |
| • taléfano ► _____ | • nóxima ► _____ |

2. Busca, na sopa de letras, a palabra correcta que se corresponde con cada vulgarismo.

I	C	E	R	A	R	A	M	O	P
N	M	N	P	O	B	R	Ú	U	E
X	F	I	U	G	A	D	S	R	R
E	H	E	N	L	D	N	I	L	F
C	V	E	C	I	Ñ	O	C	A	E
C	E	C	F	G	S	A	A	T	C
I	P	E	R	F	G	T	E	R	T
Ó	P	O	B	R	E	U	R	Q	O
N	P	U	L	C	X	C	I	O	R
V	X	A	N	T	A	R	O	T	E

- | | |
|------------|---------|
| • indición | ► _____ |
| • menistro | ► _____ |
| • probe | ► _____ |
| • viciño | ► _____ |
| • múseca | ► _____ |
| • perfeuto | ► _____ |
| • xantare | ► _____ |

3. Escribe de novo este texto corrixindo os vulgarismos.

Onte fun ao mercado a comprar uns churizos e marchei indinado. Pidíronme corenta euros por un quilo! Ah, non, de min non se bulra ningún! Así que collín o meu carro e marchei a toda velocidá.



[illegible]

Nome _____ Data _____

1. Completa a análise da primeira oración e analiza a seguinte.

- O meu amigo marchará mañá a Ribadavia.

o	► artigo, masculino, singular
meu	► posesivo, _____
amigo	► _____ común, _____
marchará	► terceira persoa singular, futuro, verbo _____
mañá	► _____
a	► _____
Ribadavia	► substantivo _____

- Estas rapazas pediron tres ensaladas variadas.

	► _____
	► _____
	► _____
	► _____
	► _____
	► _____

2. Completa as palabras segundo corresponda.

con b ou v	con ou sen h	con -cc- ou -c-	con -ct- ou -t-	con x ou ll
sa____er	pro____ibido	afe____ión	condu____o	pare____a
____i____ir	____ovo	reda____ión	di____ado	é____ito
a____oa	____úmido	redu____ión	viadu____o	cai____eiro
reci____o	____ola!	inxe____ión	re____o	e____traer
posi____le	____ectárea	atra____ión	extra____o	seme____ar

3. Di que tipo de palabra é cada unha.

coloquialismo	vulgarismo	eufemismo	neoloxismo
---------------	------------	-----------	------------

- | | | | |
|-------------|---------|--------------|---------|
| • choiar | ► _____ | • microchip | ► _____ |
| • espírito | ► _____ | • desocupado | ► _____ |
| • amoto | ► _____ | • colega | ► _____ |
| • defunción | ► _____ | • videófono | ► _____ |

Nome _____ Data _____

1. Arrodea, en cada tira de letras, tres palabras que poden ser o núcleo dun grupo nominal e escribe unha oración con estes tres substantivos.

CONTARBORESPERARIORFO

• _____

COCIÑARPOLONESALSAEU

• _____

ALUMEANAUGAREMONTEN

• _____

2. Clasifica as palabras e os grupos seguintes segundo poidan facer de núcleo, de determinante ou de complemento nun grupo nominal.

- aquela • abundante • de ferro • escuras • algunhas • moitas
- familias • luz • roupa • con mel • aberto • cea
- Uxía • a nosa • oito • portaría • os • forte

como determinantes	como núcleos	como complementos
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

- Escribe un grupo nominal para cada núcleo anterior.

3. Arrodea as palabras que teñen que ir en maiúscula nas oracións seguintes. Como pista, indicámosche cantas hai en cada unha.

- A asociación de veciños convocou unha reunión ás seis. (2)
- As romaría viquinga de catoira é o primeiro domingo de agosto. (3)
- O conselleiro de cultura visitará hoxe a biblioteca de redondela. (2)
- A miña amiga neves vive na rúa andoriña, preto do concello. (2)
- O irmán de ánxela colabora como voluntario na cruz vermella. (3)

4. Escribe catro palabras primitivas e unha que derive das anteriores.

• _____	▶	_____
• _____	▶	_____
• _____	▶	_____
• _____	▶	_____

5. Completa esta receita cos verbos apropiados.

- | | | | | |
|--------------|-------------|-------------|--------------|---------------|
| • cocemos | • pelamos | • engadimos | • sofriximos | • cortámolas |
| • botámoslos | • remexemos | • coámoslos | • lavámolas | • refogámolas |

Espaguetes con verduras e touciño entrefebrado

_____ as verduriñas e _____.
 _____ en dados ben miúdos e _____
 a lume lento. Á parte, _____ o touciño entrefebrado
 cortado en dadiños nunha tixola con pouco aceite
 e _____ os espaguetes. Cando estean
 feitos, _____ e _____ de novo na pota.
 Despois, _____ as verduriñas, o touciño
 entrefebrado e, finalmente, un paquete de queixo
 parmesano. _____ todo e xa temos un prato ben succulento.



6. Escribe esta receita coma se estivese nun libro coma o anterior.

«Eu frito unha cebola cortada ben miúda e cun pouco aceite. Cando xa está fritida, bótolle o xamón, na cantidade que máis me apeteza. Sofriño un minutíño e bótolle sal e un pouco tomate triturado, uns 500 gramos. Engado despois especias e, cando a salsa xa está feita, bótolle os macarróns, que cocín antes. Quédame moi bo.»

Macarróns con xamón



Nome _____ Data _____

1. Escribe oracións que conteñan os demostrativos indicados.

- Un demostrativo que indique afastamento no tempo e faga a función de complemento.

